


IES Saturnino Montojo
1º Bacharelato
Bioloxía, xeoloxía e Ciencias Ambientais
2025-2026
Profesora: Paula Hermida Mera



CONTIDOS:

Bloque 1. Proxecto científico

Bloque 2. A xeodinámica interna. (Unidades 1 e 3).

Bloque 3. A xeodinámica externa. Historia da Terra. (Unidades 2, 4 e 5)

Bloque 4. Os seres vivos: niveis de organización, composición, diversidade e evolución. (Unidades 6, 7 e 8)

Bloque 5. Os vexetais: funcións e adaptacións (Unidades 10, 11 e 12)

Bloque 6. Os animais: funcións e adaptacións (Unidades 13, 14, 15, 16 e 17)

Bloque 7. Os microorganismos e as formas acelulares (Unidade 9)

Bloque 8. Ecoloxía e sustentabilidade (Unidades 18 e 19)

1ª avaliación: Bloques 2 e 3.


2ª avaliación: Bloques 4, 5 e 6

3ª avaliación: 7 e 8

O bloque 1 desenvolverase durante as 3 avaliacións

Tanto a secuenciación como a temporalización dos bloques podárense modificar o longo do curso a criterio da profesora.

Os recursos necesarios para poder seguir os contidos da materia estarán dispoñibles na aula virtual do curso.



Criterios de cualificación:

A cualificación de cada avaliación será o resultado de aplicar o seguinte:

- **10%: Prácticas de laboratorio**, tarefas realizadas na aula, proxectos de investigación, presentacións, cuestionarios de repaso e consolidación, etc.

Ademais do contido dos traballos e a adecuación das respostas, terase en conta a corrección na expresión, o deseño, a variedade das fontes, o rigor científico, a capacidade de análise e síntese, a capacidade crítica, a participación no traballo en grupo, etc. **As tarefas entregadas fóra de prazo non serán avaliadas.** As prácticas de laboratorio realizaranse sempre e cando o desenvolvemento do curso o permita.

A este apartado asignaráselle a cualificación C1 (comprendida de 0 a 10)

- **90%: Probas escritas.**

- Realizaranse, como mínimo, dúas probas por avaliación.

- As probas cualificaranse de 0 a 10 e a súa media aritmética será a cualificación C2.

- Precisarase dun mínimo de **3,5 puntos** para facer media entre as probas parciais. Se non se acada esta puntuación, a nota final da avaliación non poderá ser superior ao 4.

A nota global para cada avaliación será:

$$N = 0,1 \cdot C1 + 0,9 \cdot C2$$

Se o resultado de N é superior ou igual nas décimas a 0.5 farase redondeo á alza sempre e cando no apartado C1 se obteña unha nota igual ou superior a 5.

A cualificación final ordinaria será obtida como resultado do cálculo da media aritmética das cualificacións das tres avaliacións parciais.

Aprobarase o curso cando nas 3 avaliacións trimestrais se obtivera unha cualificación de 5 ou superior.

Criterios de recuperación:

Recuperación da avaliación

O alumnado que teña *suspensa a primeira ou a segunda avaliación* realizará unha proba de recuperación, escrita ou oral. Esta recuperación farase despois da citada avaliación. A avaliación será superada cando a nota acadada sexa superior ou igual a 5. A nota da avaliación obterase aplicando os criterios de cualificación descritos anteriormente.

Contemplase a posibilidade de poder realizar esta proba para o alumno aprobado que desexe **subir nota**. Neste caso, se o resultado obtido é dous puntos menos que a nota anterior (C2), considerase a de menor valor.

Proba ordinaria xuño:

O alumnado que teña unha cualificación negativa nalguna das tres avaliacións do curso realizará no **mes de xuño unha proba final** para poder recuperalas. A cualificación da avaliación nesta proba final será o 100% da nota da avaliación. O aprobado establécese no cinco.

Contemplase a posibilidade de poder realizar esta proba para o alumno aprobado que desexe **subir nota**. Neste caso, se o resultado obtido dous puntos menos que a nota anterior (N), considerase a de menor valor.

Avaliación extraordinaria

O alumnado que ao remate do período ordinario non supere a materia poderán realizar unha proba escrita extraordinaria a finais de xuño.

A cualificación nesta convocatoria será 100% do resultado de dita proba. A materia estará superada cunha nota igual ou superior a 5.

No caso de decimais na cualificación final extraordinaria, seguiranse os seguintes criterios:

- **Decimais menores a 5 serán redondeados á enteiro inferior** (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6 na avaliación). **Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior** (exemplo: 6.6 correspóndelle un 7 na avaliación).

O **emprego de métodos fraudulentos**, teléfonos móbiles, smartwach ou calquera tipo de dispositivo electrónico, así como a tenencia de calquera tipo de material de apoio, apuntes, etc. relacionados coa materia, durante o exame, **suporá un 0 no mesmo**.

A non realización dun exame **sen a debida xustificación suporá un 0 no exame** e implicará a perda do dereito á repetición do mesmo.